



zambra
iniciativas sociales

Coordinación estatal de luchas contra el



que é a
**Renda Básica
das Iguais?**






José Iglesias Fernández



LICENCIA CREATIVE COMMONS

Reconocimiento - No comercial - Sin obra Derivada 3.0

Esta licencia permite copiar, distribuir, exhibir los textos e imágenes de esta publicación siempre que se cumplan las siguientes condiciones:

-  **BY: Reconocimiento:** Este material puede ser distribuido, copiado y exhibido por terceras personas si se muestra en los créditos.
-  **No comercial:** El material original y los trabajos derivados pueden ser distribuidos, copiados y exhibidos mientras su uso no sea comercial.
-  **Sin obra derivada:** Este material puede ser distribuido, copiado y exhibido pero no se puede utilizar para crear un trabajo derivado del original.
 - Se deberá establecer claramente los términos de esta licencia para cualquier uso o distribución de este material.
 - Se podrá prescindir de cualquiera de estas condiciones si se obtiene el permiso expreso del autor.

Este libro tiene una licencia Creative Commons Attribution-NonCommercial-NoDerivs. Para consultar las condiciones de esta licencia se puede visitar <http://creativecommons.org/licenses/by-nd-nc/3.0/> o enviar una carta a Creative Commons, 559 Nathan Abbot Way, Stanford, California 94305, EUA.

GRUPO DE AXITACIÓN SOCIAL G.A.S.

CSA "A Cova dos Ratos". r/ Romil 3 Baixo, Vigo, Galiza

<http://grupodeaxitacionsocial.blogspot.com/>

gasvigo@moviments.net

"LAPSUS" DISTRIBUIDORA ALTERNATIVA

CSA "A Cova dos Ratos" Tel: 986 49 33 81

<http://www.sindominio.net/caleidoskopio/>

"CORSARIAS" EDITORA, DISTRIBUIDORA, LIBRERÍA VIRTUAL

Compostela, Galiza

<http://www.blogoteca.com/ecol/>

corsariaseditora@hotmail.com

ZAMBRA, INICIATIVAS SOCIALES

r/ Francisco Cáster 1, 1º, 1ª. Málaga

<http://www.redasociativa.org/zambra>

zambra@redasociativa.org

BALADRE, Coordinadora estatal de luchas contra el paro,
la pobreza y la exclusión social.

r/ Caldes, 11. Xàtiva, País Valencià

<http://www.redasociativa.org/baladre>

baladre@redasociativa.org

índice

Entradilla	5
Presentación	7
Concepto e diferentes modelos	11
A Renda Básica das Iguais (RBis)	15
Os modelos débiles	19
Viabilidade financeira: poboación, custo e financiamento	25
A RBis un instrumento de participación e transformación política	33

Entradilla

No ano 2009 as xentes de Baladre se deciden a desenvolver o Estudo de Viabilidade da RBis en Galiza, nun primeiro momento tentamos buscar apoios de organizacións sindicais galegas, pero ante a falta de respostas positivas, decidimos realizalo dende as noas forzas baladrinas contando coas colaboracións de diferentes grupos sociais de Galiza.

Así é como nace este texto en galego, que pretende ser un instrumento divulgativo da proposta da RBis en Galiza co que pretendemos chegar a grupos e persoas que andan na procura de ferramentas que abran fendas nun sistema que nesta terra tamén segue producindo desigualdade e inxustiza. A RBis queremos que sexa outro punto de partida máis para que dende os nosos barrios, os nosos grupos, etc. construír outro mundo para o cal é necesario que exploremos e vivamos alternativas como esta.

Detrás destas letras está o traballo das xentes do GAS (Grupo de Axitación de Vigo), das xentes de Coia, da editorial Lapsus de Compostela e de moitas máis persoas... Todas xunto a Zambra e Baladre, fan posible esta primeira edición deste libriño —adaptación do caderno “¿Qué es la Renta Bá-

sica?” — que leva por título: “Unha definición sobre A Renda Básica das Iguais”.

Consideramos que ante estes tempos de crise é fundamental artellar respostas que axuden a convertelo en tempos de loita. Este momento pon de manifesto que a resposta non chegará dende arriba, polo que cómpre que dende abaixo sigamos reflexionando co fin de procurar loitas e resistencias fronte a este sistema. E dentro desas loitas ten sentido unha proposta como a RBis, que xunto a outras teñen que levarnos a conquistar Dereitos Sociais, pero sobre todo a impulsar un debate social amplo que de como froito o parto doutra sociedade.

Deste xeito, é como entendemos a RBis, como un medio máis, que debemos de facelo de todas, e dende abaixo darlle duro á pelexa diaria para abrir as grandes AVENIDAS DA LIBERDADE, con Xustiza Universal para toda a Humanidade.

Coia, abril 2009

Presentación

Ata 1995, o tema da Renda Básica (RB en diante) era case descoñecido no Estado español. Uns cantos artigos, na súa maioría de autores estranxeiros, permanecían cubertos de po nalgúns estantes das universidades deste país. Na primavera de 1995 publicábase o primeiro artigo sobre a RB de José Iglesias Fernández: “Del reparto del trabajo al reparto de la renta”. Dende entón, e, sen ser unha panacea que resolva todos os graves problemas sociais que sofren as poboacións que viven nas sociedades capitalistas, a cuestión de fondo era e segue sendo: ata onde a RB podería instrumentarse como un mecanismo eficaz de recoñecemento dos dereitos humanos, da participación cidadá e da redistribución da renda, unha arma política que servise para abrir unha vía cara a unha sociedade alternativa ao capitalismo.

Para nós, a etapa da globalización capitalista constitúe un período duro para o benestar das poboacións. Uns en nome do conservadorismo democrático, outros da socialdemocracia e outros do centro, todos están impoñendo/propoñendo as chamadas políticas neoliberais do sistema capitalista en todo o mundo. Políticas conservadoras que teñen en común a materialización dos seguintes obxectivos: o desregulamento total do mercado de traballo e a liberalización total do mercado de capitais; a diminución do gasto en pensións, no

subsidio de desemprego e no resto das prestacións do Estado do benestar; a paulatina implantación dun sistema fiscal regresivo; a privatización da educación, a sanidade e os servizos sociais do sector público para que o capitalismo poida ampliar aquelas áreas susceptibles de substanciosos beneficios. Non se oculta que se trata abertamente de favorecer a todos aqueles intereses (burguesía) relacionados co capital, e eliminar aqueles outros das persoas (proletariado) dependentes do traballo. Günter Grass, un escritor tan sensibilizado cos problemas políticos e sociais da súa época, fai o seguinte xuízo moral dos avances e os resultados do capitalismo ao bordo do século XXI: “a ciencia e as tecnoloxías pouco ou nada fixeron para solucionar a pobreza e a fame...” Recoñece que se conseguiu “transplantar riles e corazóns novos a calquera que poida pagalos, chamar sen fíos, é dicir, todo aquilo do que é capaz o cerebro humano de plasmar”. Pero recalca que «a pobreza e a fame aínda permanecen. Aínda por riba, mesmo aumentan porque non hai vontade de resolvelas».

Por isto, para enfrontar esta realidade política e social que está a impoñer a ditadura da burguesía en todo o mundo e máis concretamente en Europa e en España, creemos que chegou o momento de reflexionar sobre un novo sistema de protección social e, ao mesmo tempo, mantemos que chegou o momento de enfrontarse ao capitalismo con novas armas e conceptos, cunha proposta político-social que sexa tamén o máis antiglobalizadora posible. Para iso propoñemos un modelo de benestar social anticapitalista, dende unha argumentación filosófica segundo a cal a RB, que pasamos a denominar Renda Básica das Iguais (RBis que explicaremos máis adiante) non teña como finalidade constituírse no terceiro modelo de

Estado do Benestar, senón na de ser un instrumento de loita a disposición de todos os colectivos que estean explicitamente comprometidos na transformación do sistema capitalista. Polo tanto, pensamos que chegou o momento de reflexionar sobre un novo sistema de protección social, un no que se garanta o dereito de todos os cidadáns/ás a percibir regular e permanentemente uns ingresos básicos que lles permitan sobrevivir con dignidade, e independentemente de cal sexa a súa situación. Neste sentido, unha proposta como a RBis podería supoñer un punto de partida para enfrontarse ao poder do capitalismo que se expresa, na actualidade, en forma de globalización.

Vivimos momentos de grande confusión sobre a proposta da RB. Todo vale e son moitas as persoas, grupos e institucións que xogan a integrar o concepto, que non o contido que nós formulamos/propoñemos. Isto mesmo está a suceder noutros moitos temas (globalización, xénero, antimilitarismo, ecoloxismo...), o cal é lóxico e era previsible; agora ben nós debemos insistir neste momento máis que nunca, que corren tempos de esixir, aquí e agora, a RBis, enmarcándoa nun amplo abano de propostas e demandas.

Non ten sentido escribir textos para o debate entre tertulianos e analistas; as nosas letras teñen que animar a tomar en serio a incorporación das distintas loitas que se veñen desenvolvendo, de seguro, nos vosos territorios ou localidades. Para nós o desexable é que nazan moitas flores velenosas e lindas que conquisten este e outros dereitos que sirvan para ir cimentando outras formas de vida máis próximas ao modelo de sociedade que desexamos e necesitamos parir con urxencia. A RBis, como un medio máis de loita, ten sentido neste contexto de busca para facer posible outro mundo, outra sociedade.

Concepto e diferentes modelos

A RB é un concepto moi sinxelo. Consiste no dereito que ten cada cidadán/á percibir unha cantidade periódica para cubrir as súas necesidades materiais, sen ningunha condición que as limite. É dicir, unicamente polo mero feito de nacer, pola singular razón de existir, a sociedade está obrigada a proporcionar a cada ser humano os medios materiais que garantan o benestar social que necesita para sobrevivir con dignidade (máis abaixo, ao desenvolver a Renda Básica das Iguais, explicaremos con máis detalle as súas características principais): a) a cada persoa individualmente, e non ás familias; b) independentemente de calquera outro ingreso que perciba por outros recursos; e c) sen necesidade de ter un emprego asalariado, ter un emprego anteriormente, nin tampouco estar obrigado a aceptar un emprego se lle fose ofrecido.

Dende o comezo, é fundamental destacar o carácter de dereito que supón a RB, pois é totalmente independente e non ten ningunha relación con todas as contingencias provocadas polo capitalismo —crise do emprego, paro crónico, precariedade ou millóns de cidadáns en estado de pobreza. Polo mero feito de nacer, que non é pouco, cada unha das persoas ha de ter recoñecido o dereito cidadán a RB.

A vantaxe principal da RB reside na seguridade e a liberdade que proporciona a todos os cidadáns saberse acredores a unha renda que garanta que as súas necesidades materiais máis elementais van quedar cubertas permanentemente. E que esta lles é debida por un dereito de cidadanía, independentemente de calquera outra circunstancia. Constitúe un avance de grande magnitude no proceso cara a unha sociedade máis xusta e equilibrada, dado que asegura a base material para poder gozar de todos os demais dereitos humanos, o cal suporá un incremento da liberdade real das persoas. Neste sentido, tal e como sinala E. Van Parijs, a persoa «é realmente libre en oposición precisamente a ser formalmente libre, na medida en que se posúen os medios, non só o dereito para facer calquera cousa que un puidese querer facer». A RB asegura ás persoas un mínimo de subsistencia que lles permite escoller entre traballar ou non e, polo tanto, permite unha mellor planificación persoal da vida.

Na actualidade, debido ao interese social e político que suscitou o tema, pódense atopar propostas moi variadas de subsidios públicos ás que algúns denominan RB. Hai moitas e pódense facer distintas lecturas de RB, así como son moitos e variados os modelos que se poden aplicar a cada unha destas versións. Non obstante, segundo os obxectivos que se perseguen coa implantación da RB, así como as vantaxes que se pretenden obter, requírese un determinado modelo de RB. Polo tanto, todo o contido de implantación da RB pode variar de acordo coas opcións específicas que se tomen, e que serán diferentes segundo os criterios de selección dos modelos que se escollan. Para nós, a RBis non é unha proposta de modificación marxinal dos sistemas de protección social

actuais, senón que a súa implantación ten que supoñer unha transformación social e política de grande alcance, afectando moi substancialmente a moitos aspectos da vida social, tales como a distribución da renda, o mercado de traballo, o papel do traballo (asalariado, doméstico, voluntario) e as motivacións para as súas ofertas así como a potenciación dos movementos sociais e a participación cidadá na vida política.

A Renda Básica das Iguais (RBis)

Levamos anos reflexionando sobre o concepto da Renda Básica e neste tempo a reflexión e a confrontación coas realidades déronnos outras perspectivas sobre o tema. Así pasamos dunha lectura convencional da RB a desenvolver unha máis crítica e máis coherente coa nosa actividade de loita contra o sistema. Deste xeito definimos a RBis como o dereito que ten cada cidadán e cada cidadá, polo feito de nacer, a percibir unha contía periódica para cubrir as súas necesidades materiais.

Como dicíamos antes cos anos de reflexión e loitas optamos por defender o modelo forte que co tempo chegou a converterse na RBis que se define polas seguintes características:

a) *Individual*: non é a familia, senón a persoa individualmente (suxeito social pasivo) quen é o suxeito deste dereito. O cidadán como suxeito da igualdade.

b) *Universal*: ademais de ser non contributiva, é para todos e cada un dos cidadáns sen que haxa algún motivo que xustifique exclusión. Igualdade do cidadán ante as condicións.

c) *Incondicional*: non está suxeita ao mercado de traballo, do mesmo xeito que o nivel de ingresos tampouco xustifica ningunha discriminación. Igualdade do cidadán ante as esixencias.

d) *Contía/equidade*: a cantidade a percibir polos cidadáns será equitativamente a mesma para todas as persoas, con total independencia da idade, os ingresos, o xénero, etc. E a contía a percibir que propoñemos como mínimo sexa a definida polo limiar da pobreza, equivalente ao 50% da renda per cápita. Igualdade da contía de renda a percibir.

e) *Participación*: á hora de distribuír a parte do Fondo Renda Básica destinado á mellora dos bens e servizos públicos (sanidade, educación, vivenda, transporte, medio, etc.), todos os cidadáns (suxeito social activo) teñen o mesmo dereito a intervir nos debates para tal asignación. Igualdade por dereito de cidadanía.

f) *Refundición*: esta no seu proceso de substituír a maioría das prestacións actuais (pensións, subsidios, subvencións, axudas, etc.) pola RBis, rematará facendo que todos os cidadáns gocen uniformemente deste novo dereito. Igualdade equitativa.

g) *Dende a base social*: a mobilización para conseguir a RBis, faise de abaixo cara arriba e non de arriba cara abaixo, e consegue a participación de persoas e movementos sociais (suxeito social activo) nunha relación de igualdade.

A utilización deste modelo asegura catro dos obxectivos que están na base da súa elección: a) evitar os custos burocráticos que supón administrar a RBis; b) non aumentar máis o control que o Estado exerce sobre os cidadáns/ás; c) erradicar

a pobreza económica ao utilizar a metade da renda per cápita, ou limiar de pobreza, como cantidade mínima de partida; d) e asegurar a participación cidadá na asignación da parte da RBis que se vai dedicar aos investimentos en bens e servizos de índole colectivo.

A RBis oriéntase á satisfacción das necesidades das persoas dunha sociedade, e propón que estas dispoñan dos medios materiais necesarios para iso. Non obstante, non todas as necesidades resólvense a nivel individual, senón que requiren da existencia de bens colectivos. Por iso, a nosa concepción da RBis supón reforzar tamén a provisión destes. Con este obxectivo propónse que, das achegas totais dedicadas ao Fondo de Renda Básica, se dedique unha parte á satisfacción das necesidades colectivas, en lugar de á distribución individual. Esta dedicación dunha parte da RBis á inversión de índole colectiva responde a dúas finalidades premeditadas: recuperar as virtudes que ten o uso dos bens públicos fronte a todo o discurso actual dominante de enxalzar o individualismo; e, así mesmo, instituír os medios polos cales os cidadáns poidan participar nas decisións da asignación dos recursos (democracia horizontal). En si mesma, a natureza da RBis é de carácter colectivo; isto quere dicir que contén a expresión da vontade colectiva de asumir a necesidade de protexer e asegurar o benestar das persoas consideradas como individuos sociais.

Non debe interpretarse que a nosa proposta da RBis vaia orientada a favorecer o crecemento económico capitalista. Ao contrario, xa se sinalou que na súa base conceptual existe unha forte motivación de transformación do actual modelo de produción e consumo capitalistas para o cal a RBis ven sendo un instrumento máis nese camiño. Non obstante, men-

tres o marco de relacións sociais sexa o capitalista débese esixir, polo menos, unha distribución moito máis xusta dos recursos xerados que a existente na actualidade. Esta é a dirección cara a que apunta dun xeito claro a proposta da RBis, tanto na parte de distribución individual coma na proposta de utilizar unha parte dos fondos dedicados á RBis en proxectos colectivos decididos a través da participación cidadá.

Hai tres razóns para apostar pola aplicación deste modelo de RBis: a) a primeira é que a lectura anticapitalista da RB que propoñemos require por si mesma un modelo forte de transformación social; b) a segunda é que nos permite distinguilo e distancialo dos modelos débiles de RB que se propugnan noutros estudos máis en consonancia coa interpretación liberal/proprietarista (estes poden ter máis posibilidades políticas á hora de conseguilos, pero levan consigo intrinsecamente unha morea de inconvenientes económico-burocráticos á hora de aplicar estes modelos parciais); c) a terceira consiste en advertir que todos aqueles subsidios múltiples que ofrece o Estado, ou que reclaman algunhas organizacións, non son o mesmo que a RBis, aínda que frecuentemente nolos presentan e venden coma se fosen iguais, cando estes esquemas de protección social fomentan e amparan as trampas da pobreza e do paro.

Existen catro riscos que poñen en perigo as tres características esenciais da RBis: individualidade, universalidade e incondicionalidade, debido a que equiparan frecuentemente a RBis co concepto de salario social e a esixencia dunha contra-prestación social e/ou laboral; ou a que xustifica a RBis pola existencia da pobreza, para así poder aplicar a proposta do imposto negativo. Non está de máis repasar en que medida os tres primeiros perigos supoñen unha ameaza para a RBis.

Os modelos débiles

Os modelos débiles, ou parciais, son aqueles que modifican algunha das características que definen a RBis. É dicir, concédese a RB unicamente a unha parte dos cidadáns ou á familia; case sempre por un importe bastante menor que o do limiar de pobreza; ás veces esixindo algunha contraprestación por parte de o cidadán/a suxeito do dereito. Son mecanismos moito máis limitados en relación co modelo forte que defendemos. Os modelos débiles violentan os principios de individualidade, universalidade e incondicionalidade, limitando os obxectivos e reducindo ostensiblemente o benestar dos cidadáns que se pretende conseguir co modelo forte, se ben hai que aceptar que son politicamente máis doados de implantar.

Algúns grupos sociais solicitan a creación do que denominan “salario social”, polo cal os traballadores sen emprego nin subsidio de paro recibirían unha prestación económica. Esta reivindicación non é a mesma que a da RBis. Non está de máis recordar que, cando unha persoa traballadora carece de ingresos, non ten emprego e esgotou a percepción do subsidio de paro, solicita do Estado o subsidio de paro non contributivo. Os beneficiarios que conseguen esta prestación social actualmen-

te, por supoñer unha axuda asistencial, non teñen que realizar ningunha tarefa como contraprestación por esta.

Polo tanto, parécenos un erro rebautizar o subsidio de paro non contributivo co termo de salario social, posto que o termo salario implica sempre unha contraprestación en horas de traballo. Todo iso leva consigo o perigo de identificar salario social coa esixencia de que o beneficiario teña que realizar algunha contraprestación a cambio.

Outros propoñen a implantación dun imposto negativo. Os trazos do imposto negativo son bastante sinxelos: fíxase un nivel de ingresos mínimos do que todas as familias deben dispoñer. Ás familias sen ningún ingreso ou con ingresos moi baixos, inferiores ao mínimo, concédeselles un subsidio que asegura que estas familias dispoñan do nivel de ingresos mínimos. Este subsidio é o que se considera o imposto negativo: os que teñen ingresos por enriba do nivel considerado «de equilibrio» pagan impostos; os que os teñen por debaixo do mínimo cobran un subsidio que é o mesmo que un imposto negativo.

De acordo coas características establecidas polos destacados economistas defensores do IN (Freedman, Tobin, etc.), a proposta do IN resalta algúns trazos que merecen atención: a) a pobreza defínese e acéptase como unha carencia esencialmente de ingresos, aínda que esta definición non aborde o porqué desta insuficiencia nin explique as causas que a orixinan; e b) simplifica a administración e os custos dos programas de benestar, ao substituír o IN toda a trapalleira batería de axudas sociais.

Agora ben, comparada coa proposta da RBis, podemos contrastar e apreciar as súas diferenzas: o IN non é un de-

reito individual, senón un subsidio que se outorga á familia, concédese de forma asistencial e como parte do sistema de impostos calquera reforma do sistema pode eliminado; o IN non é un dereito universal, non todos os cidadáns poden beneficiarse deste, senón unicamente o colectivo de pobres que se atope dentro da definición oficial logo non se erradica senón que permanece o estigma da pobreza; o IN non é un dereito incondicional, xa que os ingresos e subsidios están suxeitos ao paso polo mercado de traballo da persoa ou familia beneficiaria, logo non se erradica senón que permanece o estigma do parado; o IN, polas condicións que se esixen para percibilo, non elimina as trampas do paro e da pobreza.

En referencia ás actuacións políticas a nivel mundial a favor da implantación de propostas próximas á RBis, atopamos diversos casos de países nos que se están a desenvolver propostas con modelos débiles, a diferenza da RBis que nós defendemos. Así en Irlanda, as organizacións agrupadas entorno á Conference of Religious of Ireland (CORI) conseguiron que o Goberno irlandés nomee unha comisión para estudar a súa posible implantación. No Estado español, o PSOE presentou baixo o lema «Cidadanía, Liberdade e Socialismo», como un dos piares do seus programa o que era a renda básica de cidadanía. Destacou tamén a iniciativa que presentaron no Congreso ERC e ICV no ano 2007. Por outro lado, hai outras iniciativas que traballan no mesmo sentido: aceptación da renda cidadá universal no Foro I para o Futuro organizado pola OCDE en París, decembro de 1996; apoio ao dereito garantido e incondicional a unha renda polo Grupo de Economistas Europeos, no seu relatorio «Pleno emprego, solidariedade e sustentabilidade en Europa».

Ademais existen diversos países coa aplicación de modelos débiles de renda básica. En Alasca, unha parte do valor da explotación petrolífera está dedicada a dar unha RB á poboación residente. En Brasil dánse dous casos: por un lado, o Senado aprobou en 1995 o Programa de Garantía de Renda Mínima, un modelo parcial, no sentido de que só se concede a RB a aqueles traballadores maiores de 25 anos e que teñan un salario dúas veces por debaixo do salario mínimo mensual; por outro lado, o Congreso aprobou o 2 de abril de 2001 o Programa de Renda Básica Mínima mensual para todos os nenos daquelas familias, os ingresos das cales non alcancen a metade do salario mínimo. Dende 1951, o Goberno federal de Canadá, mediante o programa de seguridade social para a terceira idade, paga unha pensión universal a todas as persoas a partir da idade de 65 anos, e sen máis condición que ser cidadán canadense ou residente legal. O caso canadense poderíamos clasificalo como un modelo de RB parcial, no sentido de que é un modelo individual, universal, en canto que non é contributivo nin meritocrático; pero é parcial ou condicional en canto que introduce unha limitación por idade. En Cuba existe un mecanismo de redistribución na dirección da RB pois os cubanos reciben unha RB en especie en termos de canastra alimentaria que, engadida á educación e a sanidade, supón unha achega moi importante ao conxunto das prestacións do seu sistema de benestar. Por último atopamos o caso do País Vasco o parlamento do cal aprobou a Carta de Dereitos Sociais, na cal garante unha renda mínima mensual do 75% do Salario Mínimo Interprofesional a todas as persoas maiores de 25 anos dende o 2001.

Aínda sendo todos estes casos modelos débiles, é moi importante destacar o avance e a evolución que marcan no camiño de implantación dunha proposta xenuína de RBis. Tamén constitúen un avance para todas aquelas persoas que pensamos que a RBis non só é eticamente desexable, senón que é así mesmo economicamente viable.

Viabilidade financeira: poboación, custo e financiamento

Ao tratar o tema do programa de implantación da RBis é importante destacar como a súa propia natureza fai que, actualmente, o Estado sexa o único ente con capacidade dabondo para obter o consenso social e os fondos necesarios para tan vasta operación de redistribución. A Constitución española pódese concibir como unha liña argumental válida no momento de premer ao Estado para que acometa a implantación do programa de RBis, partindo de que, na devandita carta de dereitos, declárase que “España constitúese como un Estado social que propugna a xustiza e a igualdade”, e así mesmo outorga aos poderes públicos a facultade de «asegurar a protección social, económica e xurídica da familia [...] promover as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal máis equitativa [...] manter un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego, sendo a asistencia e as prestacións complementarias libres [...] recoñecer o dereito

á saúde, á cultura e á vivenda [...] realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración cos diminuídos [...] e garantir, mediante pensións axeitadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade».

Os eixes fundamentais sobre os que se apoia a execución da RBis terían que, polo menos, ser: a) definir cales serían as necesidades básicas, así como que parte das mesmas tería que cubrir o Estado en forma de renda indirecta a través de servizos colectivos (sanidade, educación, transporte público a certos colectivos, etc.) e que outra parte de renda (directa) básica quedaría para satisfacer polo mercado; b) cuantificar o custo daquelas necesidades básicas a satisfacer directamente no mercado, parte do proceso que quizais sexa a máis doada, dado que todos estes bens e servizos xa están valorados dentro do índice de prezos ao consumo, e a súa revisión periódica sería tamén sinxelo e de grande utilidade á hora de actualizar o custo das necesidades básicas; c) estruturar a poboación por colectivos diferenciados, así como as prioridades nas distintas etapas, para incorporalos á percepción deste dereito pois debido a razóns financeiras e políticas é probable que a implantación da RBis esixa a conveniencia de incorporar, nunha primeira fase, soamente a aqueles colectivos de cidadáns en situacións máis desfavorecidas, o que formula a necesidade de definir cales son os colectivos que terían prioridade en cada fase do proceso de implantación do programa, así como a súa orde de inclusión.

Desenvolvendo estes tres aspectos habería que sinalar que, respecto á definición de necesidades, actualmente, no Estado español, así como en moitos outros países, a saúde

e a educación xa son prestacións universalmente concedidas polos Estados. Cabe entón sinalar que unha parte das necesidades colectivas xa están sendo cubertas polo Estado e que a achega en forma de investimentos colectivos, que se propón na RBis, non é máis que o desenvolvemento desta tendencia ata niveis máis satisfactorios.

Polo que se refire ás necesidades humanas, no momento de enfrontarmos co requisito de especificar que son e cales das necesidades humanas terían que ser cubertas pola RBis, a cuestión vólvese certamente complicada debido ás diversas teorías e interpretacións que existen sobre este tema. Nun principio, esta lista estaría determinada polas necesidades básicas en termos de alimentación, vestido e calzado, vivenda, saúde, educación, transporte e a actividade recreativo-cultural. Na práctica, estas necesidades están xa computadas de forma máis ou menos formalizada e legalizada en moitos países.

En canto á cuantificación do custo das necesidades básicas, a elaboración técnica dunha cesta de bens e servizos para cubrir a RBis non ofrece ningunha dificultade, e a revisión periódica que experimenta o Índice de Prezos ao Consumo (IPC), ou un subíndice elaborado para a devandita finalidade, podería servir para actualizar anualmente o custo das necesidades seleccionadas. Unha vez definidas socialmente as necesidades humanas básicas, seleccionados os colectivos beneficiarios, estimado o número de persoas en cada un deles e diferenciadas as distintas etapas de incorporación á percepción deste dereito, cuantificar o custo monetario da RBis quizais non sexa o parte máis difícil do proceso.

Tomemos un exemplo. No suposto de incluír na primeira fase ao redor de 8 millóns de persoas —ao descartar a todas aquelas persoas que xa están a percibir algún tipo de ingreso—, e tomando como referencia fundamental a cantidade que establece o limiar da pobreza (segundo a UE, a metade da renda per cápita), o custo necesario que se habería que cubrir suporía un 8,82% do Produto Interior Bruto (PIB). Nunha segunda fase incorporaría uns 10,7 millóns de cidadáns máis, que sería o 11,93% do PIB. O custo total representaría o 20,75% do PIB e beneficiaría a case 19 millóns de cidadáns; un 48% da poboación comezaría a gozar do dereito cidadán á RBis.

O desenvolvemento do Programa de Implantación da RBis está suxeito á pregunta clave e que aparece frecuentemente como unha obxección puntual á RBis: de onde e como se van obter os cartos que se necesitan para a implantación da RBis? A resposta a esta presunta obxección pasa pola consideración de, polo menos, dous aspectos: o financeiro e o político —este último o desenvolverei máis adiante— no que se refire ao aspecto financeiro, o importante é comprobar que os recursos para implantar a RBis existen, xa que a proposta de RBis consiste en garantir a metade da renda per cápita obtida. O que vai permitir afirmar que esta modalidade de distribución da renda pode ser posible na medida en que exista vontade social para implantala.

Os Orzamentos Xerais do Estado (OXE) representan a fonte máis destacada de financiamento e sobre a que nos centraremos preferentemente. Nesta aproximación, queremos destacar que se trata de explorar as posibilidades que ofrecen os OXE para financiar a RBis, utilizando dous eixes de

intervención: un, a reasignación de certas partidas do gasto público e, dous, a creación dalgúns tributos.

As políticas de gasto público achegarían ao financiamento da RBis un 5,03% do PIB sobre a base da reorientación, cara ao financiamento da RBis, das seguintes partidas: a) a inclusión dos recursos relacionados coas políticas de promoción de emprego e protección social que suporían unha achega do 0,82% do PIB para a RBis. A ineficacia destas políticas respecto ao obxectivo para o que están pensadas (a creación de emprego), o elevado custo burocrático que supoñen, xunto co control e sometemento que sofren as persoas receptoras de tales subsidios (control e vexación que contrasta coa autonomía que gañaría o conxunto de persoas destes colectivos coa percepción da RBis) xustifican a reorientación destas partidas cara ao obxectivo de financiar a RBis; b) do orzamento destinado a seguridade cidadá seleccionamos só a partida dedicada a Forzas e Corpos de Reserva, baixo o criterio de dar preferencia á protección social real en lugar de dedicar estes recursos a unha hipotética ameaza á seguridade cidadá, achega que suporía un 0,5% do PIB; c) respecto ao gasto en transferencia a organismos autónomos, sinalar que: primeiro, dado que a maioría de transferencias ás familias son de carácter asistencial, estas serían substituídas pola RBis. Segundo, antes de transferir tan elevado volume de subvencións ás empresas privadas habería que considerar a conveniencia de dedicar estes fondos directamente a potenciar o benestar social dos cidadáns máis débiles. O volume de gasto que dende este ámbito podería traspasarse á RBis é moi significativo: un 4,07% do PIB.

Respecto á tributación fiscal, propoñemos que aos impostos directos sobre o capital se lles aplique como contribu-

ción á RBis o que resulte de calcular o 1% do PIB. Tendo en conta os datos do Instituto de Estudos Fiscais, que estima que a fraude fiscal en España representa unha cifra anual equivalente ao 5,46% do PIB, xunto cos 12 mil millóns de euros que representan as débedas das empresas en termos de impostos pendentes de cobramento, apuntamos que con estas dúas partidas teriamos unha contribución moi substancial, nada menos que da orde de 8,58% do PIB, que non requiriría máis que cumprir coa lei tributaria.

Outras fontes de financiamento que atopamos son os millóns de euros dedicados á pequena empresa, ao PER, aos plans de defensa e seguridade, ás exencións fiscais a institucións de crédito, á construción de búnkeres e financiamento de déficits de medios de comunicación oficiais, a organismos relixiosos, etc. O importe destinado a eses gastos ascende ao 0,93% do PIB. Un bo exemplo atopámolo no sector agrícola-gandeiro, o cal recibe anualmente en subvencións case un 3,5% do PIB para paliar o efecto das boas e das malas colleitas: se chove e se estraga o produto, subvención para compensar a caída dos ingresos; e se hai bo tempo e hai boa colleita, subvención por que a abundancia fai que baixen os prezos e diminúan os ingresos agrarios. O Estado ten que estar sempre poñendo cartos neste sector en forma de subvención á produción. Nós propoñemos substituír esta política pola concesión dunha renda básica ao cidadán dedicado ás tarefas agropecuarias.

Ata aquí, e sen grandes modificacións nas políticas de gasto e ingresos públicos, debemos resaltar que o volume de recursos financeiros contabilizados se sitúa xa no 15,5% do PIB. Por suposto que as partidas a reasignar poderían ser

distintas e o reaxuste maior ou menor. O propósito deste exercicio consiste fundamentalmente en amosar que as ordes de magnitude nas que nos movemos parecen facer viable o Programa de Implantación da Renda Básica das Iguais. Deste modo, se a cantidade necesaria para financiar a RBis aos colectivos seleccionados ascendía a 26 mil millóns de euros na primeira fase, xa 43 mil millóns na segunda, só nos faltaría por conseguir o 5,22% do PIB. A viabilidade do desenvolvemento progresivo quedaría asegurada, mesmo antes de considerar outras vías de financiamento posibles (no caso de que algunhas das partidas incluídas na proposta se considerasen inadecuadas).

Outras vías de financiamento ou fontes potenciais de ingresos podería ser a Taxa Tobin. Se en España aplicásemos a taxa do 0,5% ás transaccións monetarias internacionais a cantidade que se recadase por este concepto en 1993 alcanzaría un 1,89% do PIB, aproximadamente. Outra medida consistiría na recadación do valor dos recursos naturais do que se apropiaron algunhas persoas e/ou entidades. Relacionado con este enfoque teríamos a proposta feita polos *verdes* de recadar fondos financeiros baixo a forma de *ecotasas*. Baseado na actividade turística, o Goberno autónomo de Balears aprobou un imposto a finalidade do cal é restaurar a degradación ambiental que provoca este sector económico. Finalmente, outra proposta basearíase en gravar os ingresos *atípicos* que perciben os personaxes considerados *famosos*.

Para rematar con este punto, dicir que un modelo de cálculo económico/financeiro máis elaborado e con máis especificacións da RBis se atopa en La Renta Básica en Cataluña: posibilidades y limitaciones, traballo que foi financiado pola

Fundación Jaume Bofill. Un dos obxectivos deste estudo foi comprobar as bondades, pero tamén as restricións, que puidese presentar a implantación da RBis a niveis autonómicos e municipais.

A RBis un instrumento de participación e transformación política

Nun momento en que os dereitos conseguidos tras anos de loita —que en boa medida se atopan plasmados no Estado do Benestar— padecen un forte retroceso, ante a importante presión exercida polo capital, a RBis convértese nun instrumento forte para loitar eficazmente contra o capitalismo global. É dicir, chegou o momento de reflexionar sobre un novo paradigma da repartición da riqueza que se produce socialmente.

A RBis limita o papel do mercado de traballo, fonte principal da explotación capitalista na distribución primaria da renda, e anulando o paso obrigado polo mercado de traballo para que os cidadáns teñan acceso aos dereitos sociais. A RBis, por ser un dereito cidadán, non ten por que estar lexitimada polo *dereito ao traballo*, nin polos dereitos emanados da propiedade. Ademais de defender a redistribución estatal da riqueza dos ricos aos pobres, oponse frontalmente a todas as políticas de degradación das condicións de vida, do aforro público en gastos sociais, do aumento das diferenzas que impoñen a moeda única europea e a globalización económica.

A RBis supón un colchón que permite ao cidadán e ao traballador defenderse mellor da continxencia dun despedimento libre e gratuito; da arbitrariedade e a incerteza que a patronal exerce a través dos contratos temporais; e tamén lle proporciona unha maior capacidade para negociar colectivamente niveis salariais, condicións de traballo, vacacións, horarios, mobilidade xeográfica, flexibilidade e demais factores do mercado de traballo.

Así mesmo, a RBis aplicada como dereito cidadán mellora as posibilidades de desenvolvemento das mulleres ao facer posible a súa independencia económica a todos os niveis. A RBis fomentará a igualdade da muller e o home no mercado de traballo.

Segundo Luis Racionero, cando o emprego, o traballo e as sociedades que fixeron del un valor central están ante unha importante crise, haberá que comezar por separar “a idea do ingreso da do traballo e repartir o un e o outro por separado. Esta utopía esta só a uns trinta anos vista, sendo conservador”. Nas sociedades desenvolvidas, opulentas, chegou a hora de que o traballo asalariado, individualmente considerado, deixe de ser a base e a obriga da supervivencia material de cada cidadán. Como tamén chegou o momento de deixar de identificar responsabilidade social e cidadá co feito de ter un traballo asalariado. En lóxica, nin o traballo asalariado necesariamente representa o orgullo de ser útil á sociedade, nin tampouco que se haxa que continuar flaxelando co traballo para redimirse do pecado orixinal. A libre vontade de considerar o traballo, ou a actividade laboral, como fonte de mortificación e explotación persoal debe quedar reducida exclusivamente á decisión persoal de cada cidadán.

O feito de refundir todas as prestacións sociais na RBis permitirá eliminar o estigma do paro e o seu correspondente subsidio; o estigma da pensión e as súas correspondentes prestacións sociais; o estigma da pobreza e as súas correspondentes esmolas: públicas e privadas. Pola súa simplicidade de implementación e pola súa universalidade, reducirá o gasto e o control burocrático propio das actuais prestacións. A RBis vén a formular unha vía de solución ao problema xerado en tomo ao futuro de Estado do Benestar pois se converte ela mesma nun pilar do novo sistema de benestar para o próximo milenio.

A RBis poderá utilizarse como fondo de referencia dende onde comezar outras formas alternativas de consumo, no sentido de vivir mellor con menos. É dicir, a RBis supón un importante punto de reflexión tanto a nivel social como individual entorno a como deben definirse as necesidades básicas e cal é o traballo asalariado socialmente necesario. Supón unha posibilidade real de desligarse do proceso produtivo capitalista, explotador de recursos tanto no ámbito humano como ecolóxico, para todas aquelas persoas que o consideren oportuno. Neste sentido, F. J. Martínez sinala que “a RB é incompatible cun modelo produtivista a ultranza que busca a produción pola produción sen atender á necesidade da demandada produción nin ao seu impacto ecolóxico e social. Polo anterior, a renda básica é unha medida esencial en calquera programa verde e ecoloxista que se prece”.

Falar da distribución do produto social supón encarar unha cuestión relacionada directamente coa propiedade dos recursos e a produción social, a toma de decisións, as estruturas de poder. Polo tanto, dados estes elementos, só poli-

ticamente pódese pensar en conseguir que se leve a cabo unha redistribución como a que está implícita no Programa de Implantación da Renda Básica das Iguais. É dicir, a proposta de que a Constitución recoñeza o dereito a que toda persoa goce dunha RBis é unha cuestión que require unha platexamento político e unha mobilización social.

Un exemplo histórico. O avó de D. Juan Carlos aceptou marchar ao exilio só cando o convenceron os feitos de que os republicanos españois tiñan a razón da forza nas súas mans para proclamar a República; moito tempo antes xa viñan utilizando a forza dos argumentos para que abandonase o país. Por si soa, a forza da razón non remataba de dar os seus froitos. Coa RBis acontece o mesmo. Hai moitos anos que vimos argumentando e demostrando a súa deseabilidade ética e viabilidade económica e financeira. Esta forza da razón é necesaria. Pero chegou o momento de apoiada abertamente coa razón da forza social; sen mobilización, sen loita, sen esixencia dende as persoas, grupos e movementos este dereito cidadán corre o risco de diluírse en propostas integradoras —modelos débiles de RB. Chegou o momento de berrar: ademais de interpretar a historia, é necesario cambiala.

En termos de mobilización cidadá, non cabe dúbida de que a loita pola implantación da RBis ten a particularidade de poder artellar un proxecto político común e de responder aos intereses materiais e sociais de colectivos e organizacións tan distintos como puidesen ser as persoas paradas e pobres que viven da asistencia social, as persoas traballadoras asalariadas que preferisen sacrificar ingresos por unha vida máis autónoma, as mulleres que desexan contar con maiores posibilidades de liberdade nas súas vidas, as persoas sindicalistas conscien-

tes da indefensión dos traballadores ante as actuais prácticas laborais, as persoas activistas ecoloxistas que defenden a posibilidade de desenvolver unha vida ecoloxicamente coherente e, en fin, as persoas e grupos que desexan unha sociedade alternativa. Nestes momentos, nos que vivimos/padecemos as consecuencias da globalización capitalista, a esquerda non deba menosprezar a forza subversiva que contén a Renda Básica das Iguais para loitar contra o poder do capitalismo.

En termos de contido político, unha boa síntese do que pode supoñer a RBis para a cidadanía en xeral, e para a esquerda en particular, ofrécenola F. Savater: "Creo que hoxe a principal diferenza entre esquerda e dereita nas democracias desenvolvidas é que a primeira sostén que se certos dereitos non son garantidos a todos polas institucións públicas, a despeito de azares biográficos ou intereses mercantís, a noción mesma de cidadanía se baleira de contido [...] Sería desexable dende a Esquerda romper este círculo estudando a posibilidade dun ingreso básico xeral de cidadanía entendido non como un subsidio (parados, novos, anciáns), senón como un dereito de todos, a partir do cal puidese optarse por traballos remunerados, servizos sociais voluntarios... ou a vida contemplativa. É un proxecto revolucionario, se se quere, pero non máis do que foi no seu día o sufraxio universal. Obrigaría a redefinir o mercado de traballo, a relación entre produtividade e retribución, o sentido da protección social etcétera. Tamén se alcanzaría unha nova dimensión da responsabilidade individual entendida dende a liberdade e non dende a crúa necesidade".

A RBis non só debe axudar a combater as consecuencias e as raíces da dualización social e da pobreza, senón que


debe erixirse nun medio válido para posibilitar a toma de conciencia e o debate social sobre cales son as verdadeiras causas que xeran as crecentes desigualdades sociais e devastación ecolóxicas, co fin de lanzar á sociedade propostas construtivas de transformación da realidade, cara a un novo modelo de relacións sociais e económicas en que o mercado adopte un papel secundario, converténdose as persoas no centro e eixe da acción social, política e cultural. Na nosa interpretación, a RBis é un dos instrumentos máis útiles para iniciar un ataque contra o capitalismo. De cara ao sistema político, é un dereito cidadán que lle ha de gañar ao capitalismo; e de cara ao sistema económico, o seu contido non só afecta esencialmente ao mercado de traballo, senón que permite neutralizar e contestar boa parte das medidas tomadas contra os traballadores en particular e contra os cidadáns en xeral.

Debe entenderse pois a RBis como un instrumento de claro cuestionamento da lóxica capitalista e como un instrumento de loita ante esta. Partindo da constatación atinada de que, de feito, o dereito cidadán á RB consiste en principio na ampliación da carta dos dereitos burgueses, faise totalmente imprescindible ter ben presente cal é o enfoque que lle daremos á RBis. A esixencia da RBis debe reforzarse cun discurso e unha práctica que poñan en cuestión a presente organización socioeconómica, denunciando os efectos devastadores da economía de mercado sobre a natureza, incluída a natureza humana. Non só buscando atenuar as disfuncións da economía de mercado, senón loitando contra o feito de que a economía organice as relacións sociais.

Unha vez considerada como un dereito cidadán, e mentres a estrutura social básica sexa capitalista, a RBis pode xogar

unha dobre tarefa. Por unha parte, e vinculada á xustificación liberal, dito dereito pode desempeñar unicamente un papel lexitimador, ao xeito que están a actuar as reivindicacións laborais habituais. Por outra parte, utilizada coa vontade de transformación social, de participación cidadá, pode converterse nun poderoso instrumento de cambio cara a sociedades onde se poida vivir unha verdadeira emancipación. Poderoso mecanismo porque incide e pon en cuestión un elemento esencial do sistema, como é o paso obrigatorio polo mercado de traballo para ter acceso ás rendas, ao benestar social das poboacións. O capitalismo require que o non propietario de medios de produción teña que traballar imprescindiblemente. A RBis permite que esta esixencia do capitalismo se debilite profundamente, e mesmo que desapareza, se só se pretende un consumo básico. Converter a obriga ao traballo nun xenuíno dereito ao traballo proporciona á RBis unha dimensión en profundidade e alcance que a converte nun instrumento privilexiado, non para suavizar o sistema, senón para transformalo.

Otros cuadernos sobre esta temática



RENDA BÁSICA
SUSTENTABILIDAD
SOSTENIBILIDAD

¿INSTRUMENTOS PARA LA TRANSFORMACIÓN SOCIAL?